



## RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

DON JOSÉ JESÚS NOVO MARTÍNEZ, ALCALDE - PRESIDENTE DO CONCELLO DO VICEDO, PROVINCIA DE LUGO,

Sendo necesario proceder á contratación laboral temporal, mediante concurso-oposición, de **DOUS/DÚAS PEÓNS DE MANTEMENTO DE ZONAS NATURAIS**, baixo a modalidade de contrato de traballo de duración determinada por circunstancias da produción, a xornada completa (100%), con data prevista de inicio o próximo día 01 de abril de 2026, cunha duración de seis meses, sendo en todo caso a data límite da finalización da contratación o 31 de outubro de 2026, dentro do programa de reforzo do emprego do Plan Deputación de Cooperación cos concellos 2025, financiado pola Excm. Deputación Provincial de Lugo, ao abeiro das bases publicadas no BOP de Lugo de 07 de xaneiro de 2025.

Visto o art. 21.1 g) da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora de bases de réxime local,

## RESOLVO

1º.- Prestar aprobación ás bases para a contratación laboral temporal, mediante concurso-oposición, de **DOUS/DÚAS PEÓNS DE MANTEMENTO DE ZONAS NATURAIS**, baixo a modalidade de contrato de traballo de duración determinada por circunstancias da produción, a xornada completa (100%), con data prevista de inicio o próximo día 01 de abril de 2026, cunha duración de seis meses, sendo en todo caso a data límite da finalización da contratación o 31 de outubro de 2026, dentro do programa de reforzo do emprego do Plan Deputación de Cooperación cos concellos 2025, financiado pola Excm. Deputación Provincial de Lugo, ao abeiro das bases publicadas no BOP de Lugo de 07 de xaneiro de 2025.

**BASES PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL, MEDIANTE CONCURSO-OPOSICIÓN, DE DOUS/DÚAS PEÓNS DE MANTEMENTO DE ZONAS NATURAIS, A XORNADA COMPLETA (100%), DENTRO DO PROGRAMA DE REFORZO DO EMPREGO DO PLAN DEPUTACIÓN DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2025, FINANCIADO POLA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.**

### 1º.- NORMAS XERAIS.-

A selección rexerase polo previsto nestas bases, Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, Texto refundido da lei do Estatuto básico do emprego público, Lei 5/1997, de 22 de xullo, da administración Local de Galicia, Lei 30/84, de 2 de agosto, de medidas urxentes para a reforma da función pública, modificada pola Lei 23/88, do 28 de xullo, Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora de bases de réxime local, Real Decreto lexislativo 781/86, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, Real Decreto 364/95, Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, ao programa de reforzo do emprego do Plan Deputación de Cooperación cos concellos 2025, financiado pola Excm. Deputación Provincial de Lugo, ao abeiro das bases publicadas no BOP de Lugo de 07 de xaneiro de 2025, e o Convenio colectivo vixente para persoal laboral do Concello do Vicedo sobre condicións laborais e económicas, aprobado polo Pleno do concello o día 10 de xuño de 2009.

### 2º.- CARACTERÍSTICAS DO POSTO DE TRABALLO.-





O cometido funcional deste posto de traballo consistirá na realización das tarefas que lle sexan encomendadas polo persoal responsable dos servizos municipais correspondentes do Concello do Vicedo, de acordo coas instrucións recibidas ao efecto.

### 3º.- DURACIÓN DO CONTRATO.-

O contrato asinarase baixo a modalidade de contrato de traballo de duración determinada por circunstancias da produción, a xornada completa (100%), con data prevista de inicio o próximo día 1 de abril de 2026, cunha duración de 6 meses, sendo en todo caso a data límite da finalización da contratación o 31 de outubro de 2026, no horario que demande o servizo. Establécese un período de proba dun mes.

### 4º.- RETRIBUCIÓN.-

Serán as establecidas no presuposto municipal do Concello do Vicedo grupo E, complemento de destino 14 e complemento específico 134,12 euros.

### 5º.- REQUISITOS DAS PERSOAS CANDIDATAS.-

a) Ser española ou posuír a nacionalidade de calquera dos Estados membros da Unión Europea ou a dalgún dos Estados aos que sexa de aplicación a libre circulación de persoas traballadoras nos termos definidos no Tratado Constitutivo da Unión Europea, en virtude dos Tratados Internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, todo isto nos termos do artigo 57 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

b) Ter cumpridos os 16 anos de idade, e non superar a idade máxima de xubilación.

c) Estar en posesión da titulación de estudos primarios ou certificado de escolaridade. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberán posuír o documento que acredite fielmente a súa homologación.

d) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas propias da praza.

e) Non estar separada mediante expediente disciplinario do servizo de calquera administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionaria do que estivese separada ou inhabilitada. No caso de ser nacional doutro estado, non atoparse inhabilitada ou en situación equivalente nin ser sometida a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ó emprego público.

f) Non incorrer en causa de incapacidade ou incompatibilidade de acordo coa lexislación vixente.

g) Non ter sido contratada por este concello máis de 12 meses dentro dos últimos 24 meses inmediatamente anteriores, de ser o caso, á data de inicio do contrato. Non se terán en conta os contratos formativos, de relevo e interinidade, nin os contratos temporais celebrados no marco de programas públicos de emprego-formación, así como os contratos temporais que sexan utilizados por empresas de inserción debidamente rexistradas e o obxecto dos ditos contratos sexa considerado como parte esencial dun itinerario de inserción personalizado. Aos efectos do cómputo o número de contratos, período e prazos, tomarase en conta o contrato vixente a 31/12/2021 e posteriores.

h) Estar en situación de desemprego ou de mellora de emprego. De acordo co establecido no último parágrafo da Base 11ª.1 do Plan Deputación de Cooperación cos concellos 2025 da Excm. Deputación Provincial de Lugo: “É imprescindible que as persoas a contratar a través deste programa





produzan novas contratacións no concello, polo que a situación ou procedencia dos candidatos debe provir da situación de desemprego ou de mellora de emprego con independencia de que a xornada laboral sexa parcial ou completa, quedando excluídos os custes de persoal referidos a traballadores incluídos no cadro de persoal vixente do concello”.

Todos os requisitos esixidos no apartado anterior deberán posuílos os/as aspirantes no día de remate do prazo para a presentación de solicitudes e conservalos, polo menos, ata a data da contratación.

A persoa seleccionada tamén deberá acreditar, antes da dación de alta na seguridade social:

- Non padecer enfermidade nin defecto físico que impida o normal desenvolvemento das funcións correspondentes ao posto de traballo convocado (aportar certificado médico ou certificado de aptitude expedido por mutua autorizada).

### 6º.- SOLICITUDES.-

Quen desexe participar no proceso de selección, deberá presentar instancia acompañada da documentación que xustifique reunir os requisitos esixidos na base quinta, no rexistro xeral do Concello do Vicedo, ou por calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 01 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas. No caso que a solicitude se presente nun lugar distinto ao rexistro do Concello do Vicedo, ademais deberá remitirse dentro de prazo copia da instancia correctamente selada ao seguinte enderezo de correo electrónico: [concello@concellodovicedo.org](mailto:concello@concellodovicedo.org)

Xunto coa solicitude (anexo II) achegarase a seguinte documentación:

- DNI, ou no seu caso, documento equivalente expedido pola autoridade competente do país de orixe.
- Titulación esixida.
- Documento xustificativo da inscrición como demandante de emprego emitido polo Servizo Público de Emprego, con data igual ou posterior á apertura do prazo de solicitude.
- Méritos que se alegan (Anexo III). Non se valorarán os méritos que non se acrediten.

Toda a documentación deberá presentarse en orixinal ou copia auténtica.

As persoas solicitantes manifestarán que reúnen todos e cada un dos requisitos enumerados nestas bases referidos á data na que remate o prazo de presentación de instancias.

Se dentro do prazo indicado, agás casos de forza maior, a persoa aspirante proposta non presentara toda a documentación ou da mesma se deducise que carece dalgún dos requisitos esixidos, non poderá ser contratada, quedando anuladas tódalas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que puidera incurrir por falsidade na solicitude de participación.

### 7º.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.-

O prazo de presentación de solicitudes queda aberto desde o día seguinte ao da publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, e por un período de dez días naturais.

### 8º.- LUGAR DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.-

No rexistro xeral do Concello do Vicedo, ou por calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 01 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.





No caso que a solicitude se presente nun lugar distinto ao rexistro do Concello do Vicedo, ademais deberá remitirse dentro de prazo copia da instancia correctamente selada ao seguinte enderezo de correo electrónico: [concello@concellodovicedo.org](mailto:concello@concellodovicedo.org).

Por resolución da Alcaldía acordarase a admisión e exclusión das persoas candidatas e publicarase no taboleiro de edictos da Corporación e na sede electrónica don Concello do Vicedo <https://concellodovicedo.sedelectronica.es>, sinalándose un prazo de dous días hábiles, contados a partir do seguinte ó da publicación, para subsanar erros. Con indicación igualmente, do día e hora na que terá lugar a proba de selección.

De non existir persoas aspirantes excluídas, elevarase a definitiva esta lista provisional na mesma resolución de aprobación.

A lista definitiva publicarase do mesmo xeito que a provisional no prazo máximo de dous días hábiles contados desde o remate do prazo de alegacións.

## 9º.- TRIBUNAL DE VALORACIÓN.-

O Tribunal de valoración designarase e farase público xunto coa lista de persoas admitidas e excluídas provisional.

Poderá dispor a incorporación de asesores especialistas se así o estiman necesario ou axeitado, que actuarán con voz pero sen voto.

O dito tribunal estará facultado para interpretar as presentes bases, así como para resolver todas as dúbidas e problemas que poidan xurdir.

## 10. – SISTEMA DE SELECCIÓN. –

a) Fase de oposición: consistirá na realización das seguintes probas:

- Proba práctica: esta fase consistirá na realización dunha proba de desbroce, valorándose ata un máximo de 10 puntos, sendo necesario acadar 5 puntos para superar a proba, e pasar a seguinte proba de coñecementos.

- Proba de coñecementos: consistirá na contestación oral a dez preguntas formuladas polo Tribunal de Valoración, (agás as relacionadas con coñecementos básicos de cálculo matemático) relacionadas co temario que figura no Anexo I, outorgándose un punto por cada pregunta contestada correctamente, sendo necesario acadar unha puntuación mínima de 5 puntos para superar a proba.

b) Fase de concurso:

Rematada a fase de oposición, procederase a realizar a fase de concurso as persoas aspirantes que superen o exercicio anterior.

### Puntuación de méritos:

#### Por experiencia en traballos iguais ou semellantes:

- Experiencia na realización de iguais ou semellantes traballos na administración pública, ata 1 punto; outorgarase a puntuación de 0,10 puntos por mes traballado, acreditado con contratos de traballo e vida laboral.
- Experiencia na realización de iguais ou semellantes traballos na empresa privada, ata 0,50 puntos; outorgarase a puntuación de 0,05 puntos por mes traballado, acreditado con contratos de traballo e vida laboral.

Toda esta documentación deberá presentarse antes do remate do prazo para presentación de instancias. A falla de acreditación dos méritos alegados, determinará que estes non sexan tidos en





conta polo Tribunal de Valoración, nin se valorarán aínda que se acrediten fóra do prazo de presentación de instancias, xa que non poderán subsanarse. Tampouco se requerirá as persoas interesadas para que os acrediten.

No caso de empate na puntuación final, acudirase para dirimila á outorgada na proba da fase de oposición. De persistir o empate, o Tribunal reiterará a proba de coñecementos coas persoas aspirantes declaradas aptas de igual puntuación ata eliminar aquelas que excedan do número de postos de traballo convocados (2), quedando o resto en lista de espera, ós efectos de renuncia, baixas ou calquera outra continxencia, sendo requirida a persoa traballadora que figure na lista con maior puntuación e así sucesivamente.

## 11. - RESOLUCIÓN. -

A resolución do proceso selectivo farase polo Presidente da Corporación municipal, por proposta do Tribunal cualificador.

## 12.- NORMA FINAL.-

A presente convocatoria e cantos actos administrativos se deriven dela e da actuación do Tribunal, poderán ser impugnados polas persoas interesadas nos casos e na forma establecida na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

## ANEXO I

- 1.- Organización municipal. O Alcalde: atribucións. O Pleno: atribucións. A Xunta de Goberno Local: atribucións.
- 2.- Especial coñecemento do Concello do Vicedo e comarca: parroquias, lugares, praias, ríos, illas, montes, rutas e lugares de interese turístico e comarca natural da Mariña Luguesa: concellos e ríos principais.
- 3.- Coñecementos básicos en materia de cálculo matemático: sumas, restas, multiplicacións, divisións, quebrados, porcentaxes, raíces cadradas, promedios e cálculo de superficies de polígonos.
- 4.- Coñecementos básicos en materia de xeografía española e da península ibérica: capitais, provincias, comunidades autónomas, montes, ríos e accidentes xeográficos.
- 5.- Coñecementos básicos en materia de lingua galega e castelá: conxugación de verbos, sinónimos, antónimos e ortografía.



**ANEXO II**

**SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO PROCESO DE SELECCIÓN, PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL, MEDIANTE CONCURSO-OPOSICIÓN, DE DOUS/DÚAS PEÓNS DE MANTEMENTO DE ZONAS NATURAIS, A XORNADA COMPLETA (100%), DENTRO DO PROGRAMA REFORZO DO EMPREGO DO PLAN DEPUTACIÓN DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2025, FINANCIADO POLA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.**

DENOMINACIÓN DA PRAZA OU POSTO DE TRABALLO:

PEÓN MANTEMENTO ZONAS NATURAIS

CARÁCTER DA CONVOCATORIA:

CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL

FORMA DE PROVISIÓN:

CONCURSO-OPOSICIÓN

DATOS DO SOLICITANTE:

Apelidos e nome:

DNI:

Enderezo:

Enderezo electrónico:

Teléfono:

Manifesto expresamente, e baixo a miña responsabilidade, que reúno todas e cada unha das condicións esixidas nas bases reguladoras deste proceso, que coñezo e acepto, SOLICITO a admisión para tomar parte na selección.

Igualmente declaro baixo xuramento:

- Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas propias da praza.

- Non estar separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario/a do que estivese separado/a ou inhabilitado/a. No caso de ser nacional doutro estado, non atoparse inhabilitado/a ou en situación equivalente nin ser sometido/a a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.





- Non incorrer en causa de incapacidade ou incompatibilidade de acordo coa lexislación vixente.
- Non ter sido contratado/a por este concello máis de 12 meses dentro dos últimos 24 meses inmediatamente anteriores, de ser o caso, á data de inicio do contrato. Non se terán en conta os contratos formativos, de relevo e interinidade, nin os contratos temporais celebrados no marco de programas públicos de emprego-formación, así como os contratos temporais que sexan utilizados por empresas de inserción debidamente rexistradas e o obxecto dos ditos contratos sexa considerado como parte esencial dun itinerario de inserción personalizado. Aos efectos do cómputo o número de contratos, período e prazos, tomarase en conta o contrato vixente a 31/12/2021 e posteriores.

**AUTORIZO** expresamente ao Concello de O Vicedo que inclúa os meus datos nun ficheiro automático para fin exclusivo do proceso selectivo no que solicito participar.

| INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                           |
|------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Responsable do tratamento                      | CONCELLO DE O VICEDO                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                      |
| Finalidade do tratamento                       | A tramitación administrativa que se derive da xestión desta solicitude de participación nun proceso selectivo, así como a actualización da información e contidos dos expedientes persoais.                                                                                                                                                               |
| Lexitimación para o tratamento                 | Cumprimento dunha misión realizada en interese público conforme o disposto no artigo 6.1.e) do Regulamento xeral de protección de datos (RXPd), con base no disposto na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e fundamentada nun interese público esencial (artigo 9.2.g) do RXPd).                                            |
| Comunicación de datos                          | Os datos identificativos das persoas excluídas e admitidas, así como a cualificación final dos aspirantes e a relación de aprobados por orde de puntuación, serán publicados no Taboleiro de edictos deste Concello e na sede electrónica do concello <a href="https://concellodovicedo.sedelectronica.es">https://concellodovicedo.sedelectronica.es</a> |
| Exercicio de dereitos                          | Ten dereito a acceder, rectificar e suprimir os datos, así como calquera outro dereito que lle corresponda dirixindo a súa solicitude a <a href="mailto:concello@concellodovicedo.org">concello@concellodovicedo.org</a> ou a través da sede electrónica do Concello de Vicedo.                                                                           |
| Información adicional                          | Pode consultar máis información en <a href="https://concellodovicedo.sedelectronica.es/privacy.1">https://concellodovicedo.sedelectronica.es/privacy.1</a>                                                                                                                                                                                                |

O Vicedo, ..... de ..... de 2026

(Sinatura)

SR. ALCALDE – PRESIDENTE DO CONCELLO DO VICEDO







ANEXO III

**PROCESO DE SELECCIÓN, PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL, MEDIANTE CONCURSO-OPOSICIÓN, DE DOUS/DÚAS PEÓNS DE MANTEMENTO DE ZONAS NATURAIS, A XORNADA COMPLETA (100%), DENTRO DO PROGRAMA DE REFORZO DO EMPREGO DO PLAN DEPUTACIÓN DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2025, FINANCIADO POLA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.**

RELACIÓN DE MÉRITOS QUE SE XUSTIFICAN E FORMA DE ACREDITACIÓN

DON/DONA .....

DNI nº .....

1.-

2.-

3.-

4.-

5.-

6.-

7.-

8.-

9.-

10.-

(...)

O Vicedo, ..... de ..... de 2026

(Sinatura)







2º.- Convocar publicamente a quen desexe participar nas citadas probas para a selección de **DOUS/DÚAS PEÓNS DE MANTEMENTO DE ZONAS NATURAIS**, baixo a modalidade de contrato de traballo de duración determinada por circunstancias da produción, a xornada completa (100%), con data prevista de inicio o próximo día 01 de abril de 2026, cunha duración de 6 meses, sendo en todo caso a data límite da finalización da contratación o 31 de outubro de 2026, dentro do programa reforzo do emprego do Plan Deputación de Cooperación cos concellos 2025, financiado pola Excm. Deputación Provincial de Lugo, ao abeiro das bases publicadas no BOP de Lugo de 07 de xaneiro de 2025.

3º.- Ordenar a publicación da presente convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, na páxina web da Excm. Deputación Provincial de Lugo, no taboleiro de edictos da Corporación e na sede electrónica do Concello do Vicedo <https://concellodovicedo.sedelectronica.es>, e realizar cantos trámites sexan necesarios para o dito fin.

Mándao e asíno o Sr Alcalde - Presidente; no Vicedo a data da sinatura electrónica.

O Alcalde,

Ante min,

O Secretario

